

PSICOLOXÍA (2º de Bach.)

A psicoloxía é unha rama do saber cuxa finalidade esencial é tanto a comprensión da propia individualidade como das condutas sociais e a súa interrelación. Desde uns antecedentes históricos afastados, ligados ao desenvolvemento do saber filosófico, a psicoloxía evolucionou cun cariz bifronte. Por unha banda, ten unha filiación humanística; por outra parte, a súa temática busca regularidades e explicacións científicas. Con estas características distintivas, polo seu obxecto de estudo e a súa metodoloxía, a psicoloxía pode considerarse unha disciplina moi interesante para o alumnado de segundo de bacharelato, cunha vertente práctica, na medida en que lle axudará a coñecerse mellor como individuo e a desenvolverse como persoa e, ao tempo, a afrontar os diversos problemas e retos que a convivencia suscita.

Faise visible a súa capacidade de relación con outros saberes, como a bioloxía, a socioloxía, a química e, desde logo, a filosofía. O carácter dual e a súa riqueza de contidos e amplitude de horizontes, pode converterse en paradigmática para a adquisición da maior parte das competencias clave.

A materia organízase en seis bloques: "A psicoloxía como ciencia", "Fundamentos biolóxicos da conduta", "Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria", "Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento", "A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade" e "Psicoloxía social e das organizacións". Daquela analízanse os fundamentos biolóxicos da conduta, as capacidades cognitivas como a percepción, a memoria e a intelixencia, afondando na aprendizaxe e na construción da nosa personalidade individual e social. En suma, a materia pode colaborar a fomentar o espírito científico, pero tamén nunha vertente práctica: pode cooperar na mellora xenérica das condicións de vida das persoas e, ao mesmo tempo, patrocinar, desde o autocoñecemento, o desenvolvemento persoal.